

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA 07/2021 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/12/2021.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

Manuel Beceiro Couce

María Amparo Calvo González

Ana Belén Breijo Gundín (ausente)

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretaria-interventora Accidental:

Mónica Cebreiro Caneiro

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as **dezanove horas e trinta minutos do día dez de decembro do dous mil vinteún**, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandita secretaria accidental, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (ORDINARIA DO 30/09/2021 e EXTRAORDINARIA DO 04/11/2021).

Dase conta da acta da sesión Ordinaria celebrada polo Pleno o pasado día 30 de setembro así como a Extraordinaria do 04 de Novembro de 2021. Non habendo obxeccións nin propostas de modificación, sométense de seguido esas actas a votación ordinaria, resultando aprobadas por unanimidade.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR

O Sr Alcalce cédelle o turno de palabra á portavoz do grupo municipal.

A Sra. Muiño expón que segundo a documentación do Pleno trasládase por parte do Centro Educativo a solicitude de designación de representante por parte do Concello para o Consello Escolar. A proposta do grupo municipal consiste en designar ao Alcalde Sr. Secundino García Casal, ou a aquela persoa en que delegue, como representante do Concello de San Sadurniño no Consello Escolar do CPI e ínstase ao persoal municipal para que comunique este acordo ao citado Centro Educativo.

O Sr. Rodriguez manifesta a súa conformidade coa proposta e non manifesta ningunha observación.

A Sra. Trigo expón que o seu grupo político optará pola abstención xa que entenden que no pleno de Xuño de 2021, en pleno de organización, o Alcalde delega ou forma varias Consellerías, entre elas a de Cultura e Educación a unha Concelleira que hasta ese momento enténdese que ocupa ese mesmo posto así como se nomea a esa mesma Concelleira para estar no Consello Escolar polo que non entenden se se crea unha Consellería

(DEBATE)

A Sra. Muiño expón a proposta.

O Sr. Rodriguez manifesta a súa conformidade coa proposta, tal e como manifestou na Comisión Informativa. Valora o esforzo feito polo Concello para aprobar estas axudas.

A Sra. Díaz manifesta que co arranque do curso pasado, o seu grupo solicitou mecanismos de axuda ás familias. O ano pasado foi o primeiro no que se estenderon as becas escolares por parte do Concello á etapa obrigatoria de estudos. Recrimina a dilatación do procedemento do pasado curso xa que se convocaron en marzo e se aboaron a final de curso polo que valora que este ano se puxeran en marcha ó inicio do curso acompañado dun acurtamento dos prazos. Na Comisión Informativa, o grupo propuxo unhas melloras na convocatoria que se leva a Pleno para que máis familias puideran concurrir á convocatoria: pediuse que na etapa infantil, se incremente ata 12000€ si ben non saiu adiante. Outra das propostas que si se tivo en conta foi a de ampliar o ámbito territorial no que se sitúan os centros nos que os alumnos deben estar matriculados para xerar o dereito a percibir as axudas. Sustituiuse deste xeito a expresión de “concellos limítrofes” pola de colexio público da área territorial. Por outra banda, propúxose a non exclusión dunha familia polo feito de non ter solicitado o cheque da Xunta a pesares de reunir os requisitos para obtelo e non puidese acreditar esa característica de beneficiario. A explicación que se deu foi que por motivos técnicos non era viable levala a cabo. Manifesta que o voto do seu grupo será favorable pero puntualiza que a convocatoria do ano pasado contaba cun importe de 40.000 euros e a deste curso ten 20.500 euros polo que a opción de que máis alumnos poidan participar nesa convocatoria redúcese.

A Sra. Muiño replica matizando que ó falar do ano pasado e este ano, estase a falar do mesmo ano, o 2021. Ó falar de 40.000 euros non se está a falar da contía que vai recollida nas bolsas senón que se fala de aplicación orzamentaria, e dicir, que no ano 2021 o Concello de San Sadurniño distribuirá en bolsas para estudos e axudas para gastos da Escola Infantil Municipal 40.000 euros. O compromiso do goberno municipal coa coletilla que se inclúe na proposta é esgotar a partida existente no orzamento do 2021 para bolsas de estudos. Sinala que contan con dúas convocatorias no ano 21 e fai unha comparación cos Concellos da área territorial que cuns orzamentos máis cuantiosos que o de San Sadurniño fan unha inversión en bolsas de estudo notoriamente por debaixo da que se fai en San Sadurniño. Por este motivo reitera sentir satisfacción por ser capaces de dialogar e chegar a acordos sobre a convocatoria das bases. Se a crítica se vai a basear en situacións minoritarias ou puntuais se aceptan e de feito, naquelas na que é posible se introduce a modificación. Puntualiza, respecto da intervención da Sra. Díaz, na sinalou que por primeira vez se contemplaba ós estudantes de ensino obrigatorio, a Sra. Muiño aclara que en tódalas bases de bolsas se contemplaron estudos obrigatorios, post-obrigatorios, e etapa de infantil (que non é obrigatoria e que a única axuda que vai a levar é a deste Concello). En canto ós tramos económicos que xeran dereito a bolsa, a portavoz sinala que hai que establecer unha liña de corte, que son conscientes das dificultades das familias que se moven nos límites desa liña pero o realmente preocupante foi que cinco familias nesa etapa necesitaron esa bolsa. Detectando esa situación na convocatoria que se acaba de pechar, o máis sensible e oportuno e manter o criterio para permitir a esas familias unha axuda suficiente. Canto máis se abra o abanico máis pequena será a dotación da bolsa para cada familia. Manifesta que na Comisión Informativa se comentou a posibilidade de seguir aumentando o gasto. En comparación con outros Concellos da zona, a dotación é moito maior si ben hai que seguir esforzándose para incrementar as oportunidades da formación e do estudo dos nenos e nenas de San Sadurniño e de toda Galicia. Por este motivo insta ó grupo popular a que, con responsabilidade transmitan ó Goberno da Xunta, ó Conselleiro ou a Xefatura Territorial a

necesidade de incrementar o esforzo que están facendo en becas e bolsas de estudo xa que, si no 2019 - 2020 se investiron 15,4 millóns de euros incluíndo axudas a universitarios no ano 2008 gastáronse 35 millóns. Apunta que o Presidente Feijoo reduciu un 57% as axudas a estudos en Galicia polo que é a el a quen hai que dar un toque de atención e pedir que non se recorte, e non ó Concello de San Sadurniño.

A Sra. Díaz sinala que pola parte do grupo popular non hai ocultación de datos o dicir que no ano 2020-2021 se fixo unha convocatoria de axudas con un importe de 40000 euros e para o curso 2021-2022 se fai unha convocatoria con 20500 euros. O titular da web do Concello di que se invirten outros 20500 euros en bolsas escolares pode dar lugar a equívoco xa que non son outros 20000 senón que son parte dos 40000.

A Sra. Muiño trata de explicalo de novo do seguinte xeito: O Concello de San Sadurniño decidiu adicar nos seus orzamentos para o exercicio 2021 unha partida de 40.000 euros para bolsas de estudos. Houbo unha primeira convocatoria na que se gastaron 20.000 euros en becas. Co ánimo de esgotar a partida destinada a becas se publica esta convocatoria que ademáis se da a oportunidade de facela en setembro, co obxectivo de gastar a partida e deixala a cero, sen aforrar nada. O Concello non vai a aforrar en bolsas de estudos.

O Alcalde completa que xa o propio título da proposta o aclara o dicir "concesión extraordinaria" o que permitirá en próximos cursos axustar o periodo de saída desas bolsas ó periodo de inicio do curso. Dende o 2007 se viña aprobando ó inicio do ano unha vez aprobados os orzamentos as bolsas que se determinaban nos orzamentos, por iso non coincidía co inicio do curso. Aproveitando esta situación e co obxecto de esgotar a partida deste ano porque houbo grazas o POS social a oportunidade de incrementar a cantidade que se adica a becas, hai a oportunidade de esgotar esa partida. Que un Concello coma San Sadurniño cun orzamento de a penas 3 millóns de euros destine esa cantidade a becas escolares supón un esforzo enorme, e que o ideal sería que a Administración que ten as competencias o fixera en vez de destinar fondos a fomentar o ensino privado acabando co público.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as Bases reguladoras para a concesión extraordinaria de bolsas para o estudo e axudas para sufragar os gastos dos servizos prestados na Escola Infantil Municipal A Rolada para o curso escolar 2021/2022, e dispor o inicio do procedemento para a súa aplicación coa maior brevidade posible.

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS PUNTUAIS EN ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta das propostas da Alcaldía relativas ó asunto, que resume brevemente a Sra. Muiño, que afectan a aspectos puntuais das dúas Ordenanzas Fiscais que se indican e que literalmente din:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº T-1: ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AGUA.

ANTECEDENTES

O Concello de San Sadurniño conta actualmente coa Ordenanza Fiscal nº T-1: ordenanza reguladora da taxa pola

prestación do servizo do subministro domiciliario de auga, con publicación definitiva no BOP nº 292 da Provincia da Coruña de data 22 de decembro de 1998 e cuxa derradeira redacción aplicable é de data 18 de febreiro de 2020.

Coa finalidade de adaptar o custe real dos contadores e de trasladalo aos suxeitos pasivos determinados no artigo 3º da devandita Ordenanza Fiscal nº T-1, procédese a emitir proposta de modificación do artigo 5º, apartado a) no concepto Cota trimestral polo mantemento dos contadores.

Asemade, por medio da presente, apreciase un erro de redacción no artigo 7º, Bonificacións, que obriga á repetición constante da tramitación de dita bonificación por parte dos suxeitos pasivos que teñen dereito a ela, e de cara a simplificar a tramitación por parte dos beneficiarios, por medio da presente, propónse a solicitude con carácter anual e non trimestral como estaba redactada ata agora. Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA:

1.- Modificar, o apartado a) e concepto "Cota trimestral polo mantemento dos contadores" do artigo 5º da Ordenanza nº T-1, Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga, quedando redactado da seguinte forma:

"Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravame

aAs bases de imposición e tipos de gravame son os contidos nas seguintes tarifas:

Conceptos Importe (euros)

Cota fixa cada tres meses para usos domésticos 9,26 €

Cota fixa cada tres meses para usos comerciais ou industriais 15,44 €

Consumo entre 0 e 30 m³ cada tres meses 0,16 €/m³

Consumo entre 31 e 50 m³ cada tres meses 0,34 €/m³

Consumo de máis de 51 m³ cada tres meses 0,68 €/m³

Dereitos de acometida á rede 138,95 €

Cota trimestral polo mantemento dos contadores 5,00 €"

2.- Modificar o artigo 7º, Bonificacións, da Ordenanza nº T-1, Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga, quedando redactado da seguinte forma:

"Artigo 7º.- Bonificacións

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos usuarios do servizo obxecto da presente ordenanza, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuídores do Carné Xove. Esta bonificación será solicitada polo titular do recibo a nome de quen se presta o servizo, en cada anualidade de exacción da presente taxa"

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA OF T-4, REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.

Artigo 5; cota tributaria.

Redacción actual:

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, sinalada en función da natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa seguinte tarifa

Epígrafe 4.-Tramitación de contratos administrativos 1. Todos os contratos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable 5% do OEM (sen IVE) 2.-Todos os contratos distintos dos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable 3% do orzamento (sen IVE)

Proposta de modificación:

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa e, no caso dalgúns contratos administrativos, nunha percentaxe do seu orzamento de execución material, sinalada en función da natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa seguinte tarifa (. . .)

Epígrafe 4.-Tramitación de contratos administrativos:

1.- Todos os contratos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable 5% do OEM (sen IVE)

2.- Todos os contratos distintos dos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable: Unha cota fixa de 150 €.

3.- Non está suxeita á taxa a tramitación de contratos menores."

O Sr. Rodriguez solicita aclaración sobre a taxa de aluguer dos contadores. Pregunta si esta está integrada no mesmo recibo que o consumo. Ante a resposta afirmativa do Alcalde, plantexa o suposto de que se hai unha persoa alugada nunha vivenda esta taxa vai a repercutir sobre a persoa que aluga a vivenda e non sobre o propietario o que considera incoherente se está pedindo que os alugueiros sexan máis asequibles. O Secretario aclara que se trata dunha cantidade moi pequena.

A Sra. Trigo sinala que tendo en conta que no punto anterior falouse dos problemas da falta de ingresos das familias, non é o momento de subir as taxas. Se por unha parte se dan becas porque se entende que as familias teñen problemas para asumir o custo dos estudos, opina que non é o momento para introducir esa modificación. Por outra banda consideran que se pode votar por separado as dúas ordenanzas.

O Alcalde sinala que unha das modificacións é unha proposta técnica por parte do funcionariado relativa a solicitude da bonificación por parte daquelas persoas que dispoñen do carné xove xa que tal como estaba había que facer a solicitude cada trimestre. Por este motivo se intrduce a modificación, para que a solicitude se faga anualmente. En canto a subida do aluguer dos contadores, sinala que se motiva na obriga legal que implica que os Concellos cubran os custos da prestación dun servizo. Se o Concello ten un custo pola colocación dun contador de 150 a 200 euros hai que cobrar o que costa ese contador. Non obstante, a un particular que non queira que o Concello lle cobre trimestralmente ten opción de non solicitar o contador en aluguer e mercalo en propiedade. Se hai unha extensión da rede, unha persoa pode optar por solicitar do Concello a instalación do contador que ten o custo antedito e o Concello non pode asumir ese custo por cada veciño. Ademais hai unha Orde Ministerial que obriga que nun prazo de dous anos, aqueles contadores que teñan máis de dous anos hai que cambialos. O Concello non podería asumir ese custo. Non é certo que a Xunta dea subvencións para poñer contadores nas casas senón para poñer contadores de alta nas redes de auga. Non deixa de ser un debate que roza a demagogia case absurda. Non é unha taxa de obrigado cumprimento xa que ninguén ten a obriga de solicitarlle o Concello o contador en aluguer. Todo isto sin ter en conta que no Concello de San Sadurniño só pagan esa taxa de aluguer unhas cinco ou seis vivendas.

Sometida de seguido a votación ordinaria cada unha das modificacións propostas, por separado:

- A Corporación, por oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE, con tres abstencións, das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal nº T-1, reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga.
- A Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal nº T-4, reguladora da taxa por expedición de documentos.

CUARTO.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

Dase conta da moción de que se trata, presentada polo BNG no rexistro do Concello con data do 27/09/2021, que a Sra. Muiño procede a ler e que literalmente di:

“MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do verán comezouse a tramitación do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, e se abriu un período de exposición pública.

Debido a que a xestión dos recursos hídricos é un aspecto de vital importancia en Galicia, cremos que este asunto precisa dun fondo debate.

Cómpre lembrar que as características hidro-xeolóxicas da nosa Terra fan de Galicia un territorio diferencial no contexto da Península Ibérica e mesmo da Europa occidental, posibilitando un acceso doado aos recursos hídricos en practicamente todo o territorio. Esta é unha das causas principais da elevadísima dispersión da poboación existente, que á súa vez ten repercusións directas na nosa forma de vida, na nosa historia, na nosa cultura, e mesmo na nosa xenética.

Polo tanto, a lóxica racional diría que a xestión dos recursos hídricos en Galicia tivese unha estrutura propia, e polo tanto un marco normativo adaptado a esta situación. Pero por desgraza non é así e, como acontece en moitos outros ámbitos, Galicia ten que aturar leis e normas estatais que para nada teñen en conta as nosas características diferenciais, e polo tanto, as nosas necesidades.

En consecuencia, acreditamos que o primeiro aspecto que cumpriría solucionar no referente á xestión dos recursos hídricos é o competencial, e neste senso apostamos porque Galicia teña a plena competencia sobre todas as augas do noso territorio, reclamando ao Estado as competencias debidas, e se isto non fose suficiente, mesmo reformando o propio Estatuto de Autonomía.

En todo caso, teñamos ou non as competencias plenas, é urxente tomar medidas acaídas no actual marco normativo. E para iso, cómpre que Galicia conte cunha Planificación integral do ciclo da auga, que abranga todo o territorio e que determine os grandes obxectivos que deben guiar a política de augas de Galicia para os vindeiros decenios.

Baixando de nivel, tamén debería haber un plan específico sobre estes aspectos. A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, de moi recente publicación, recolle no seu artigo 35 a figura dos Plans sectoriais, que son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de actividades sectoriais como, entre outras, o “Abastecemento e saneamento”.

Consideramos que as leis están para seren cumpridas ,e sobre todo no referido á planificación territorial, aspecto no que Galicia é un claro exemplo de desleixo e falta de interese. Por iso, coidamos que as cousas, sobre todo as importantes -e a auga é algo vital-, deben planificarse, deben meditarse e deben xestionarse cunha perspectiva de longo prazo, con vocación de servizo público de calidade, cos recursos precisos e cos medios necesarios. E neste senso, consideramos que agora é o momento de dar ese debate para asentar e consensuar socialmente a política galega da auga para os vindeiros 20 ou 30 anos. Por iso, imos solicitar que se retire o

anteproxecto de lei e que non se tramite, e pola contra, que se abra un proceso participativo que dea lugar a un Plan sectorial de xestión integral do ciclo da auga en Galicia.

Unha vez que se conte con ese marco estratéxico, xa se poderán aprobar as leis específicas, e as correspondentes normas de desenvolvemento, que aseguren a prestación duns servizos públicos e de calidade, acaídos ás necesidades e ás características da nosa xente e da nosa Terra.

E en todo este proceso, os concellos terán que ser actores esenciais, debido ás competencias coas que contan, malia careceren dos recursos necesarios e do apoio das outras Administracións.

Tendo en conta o antedito, o BNG propón:

Que o Goberno galego retire o proceso de tramitación do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, dado que de forma previa á aprobación dunha lei desta caste é preciso contar cunha planificación estratéxica acaída ás necesidades e ás características de Galicia.

Que o Goberno galego solicite ao Estado a transferencia das competencias totais sobre a planificación e a xestión das augas do territorio de Galicia.

Que o Goberno galego inicie, con máxima urxencia, un proceso participativo, onde os concellos e a sociedade civil teñan un papel esencial, para, entre todos, consensuar e aprobar un Plan sectorial de xestión integral do ciclo da auga en Galicia, que marque as liñas estratéxicas neste ámbito para os próximos decenios.

Que o Goberno galego, unha vez Galicia conte co dito Plan sectorial, inicie os trámites de negociación e aprobación das correspondentes leis e normas que desenvolvan o Plan sectorial.

Que se envíen estas propostas ao Goberno da Xunta de Galicia."

(DEBATE)

O Sr. Lois considera que a moción ten un plantexamento moi xeral e dunha política máis de nivel nacional que municipal. De todolos xeitos, opina que cada vez que hai un cambio legislativo para mellorar hai un sablazo ó bolsillo do cidadá. Está de acordo coa moción e engadería que todo aquilo que se mellore non supoña un gasto para o cidadán.

A Sra. Trigo manifesta que o anteproxecto de lei non cree que leve aparelado unha subida de taxas senón unha reorganización dos tributos existentes. Por outra banda sinala que a adhesión a este modelo é voluntario polo que son os Concellos os que teñen que solicitar este modelo de xestión á xunta. Ademáis cando se di se é participativo ou non, sinala que se levou a FEGAMP e foi ali onde incluso se ampliou o prazo para facer as alegacións. Entende o grupo popular que a Xunta non está subindo taxas.

O Alcalde sinala que cando se estableceu o canon da auga no 2010 estableceuse un tributo con carácter de imposto chamado "canon da auga" que pagan todos os usuarios excepto as traidas particulares e comunidades de veciños que teñen unha bonificación do 100%. Neste

anteproxecto de lei hai un canon. Se o Concello voluntariamente se adhire a ese plan ou convenio a Xunta vaille cobrar e si non se adhire pasará o mesmo que con Sogama. Os concellos téñense que adherir todos e precisamente os mais pequenos non teñen masa crítica suficiente nin capacidade técnica ou humana para xestionar unha EDAR. O final non lle quedará máis remedio que suscribir un convenio coa Xunta para que seña Augas de Galicia a que xestione a EDAR. Nese momento é cando van a cobrar xa que si non se fai será o Concello o que teña que asumir dita xestión para a que non ten capacidade. Esta problemática afecta ós concellos máis pequenos, pero non quere dicir que non teñan que pagar. A expresión de que “se vai a cobrar pola auga da choiva” é certa. O que se lle vai a cobrar ó Concello é pola auga que entre na EDAR. A Xunta nestes momentos xa está xestionando vinte ou trinta depuradoras nas que se instalará un contador na entrada, tanto a que sale das casas como a que non sale das casas que se filtra nos colectores. ós Concellos que se adhiran ós convenios, a Xunta fai unha auditoria gratis acompañada dunha proposta que en caso de que haxa que facer obras para correxir as deficiencias, financia un tercio, o Concello financia outro tercio e a Deputación outro. O problema ven en que as veces estase a falar de obras que cuantitativamente son moi grandes e hai Concellos que non poderán asumir ese tercio. Ahí é onde tiña que destinar cartos a Xunta. Dende a FEGAMP se lle pideu á Xunta que ampliara o prazo xa que o primeiro prazo acababa o 15 de agosto. Moitos Concellos incluído o de San Sadurniño fixeron moitas alegacións porque isto suporá un custo adicional ó ter que pagar un canon cando as fugas sexan superiores ó 20% (que supón moi pouca auga). Nos Concellos pequenos non hai persoal para atender estas fugas polo que si hai unha fuga suporá un custo a maiores. Unha lei que actue sobre o ciclo integral da auga é necesaria pero non pode ser tramitada nos termos nos que vai. Ademais non se pode cargar de competencias ós concellos sen ir acompañadas dos recursos para exercelas. As competencias en depuración son dos concellos porque a Lei de Augas outorgoullas ós Concellos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por sete votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG, con tres abstencións, das concelleiras do PP e o concelleiro do PSOE, acorda aprobar a indicada proposta da Alcaldía.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO:

QUINTO.- TOMA DE RAZÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dase conta das seguintes resolucións da Alcaldía:

Número	Data	Departamento – Expediente – Interesados - Resumo
DECRETO 2021-0360	27/09/2021 11:07	001.002 Contratación -- Expediente 86/2021 -- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL. GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL SA -- SUBMINISTRO DE VEHÍCULO RECOLECTOR-COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS --
DECRETO 2021-0359	27/09/2021 11:07	010.000 Recursos Humanos -- Expediente 262/2021 -- MODELO 111 3º TRIMESTRE 2021 --
DECRETO 2021-0358	24/09/2021 9:59	001.002 Contratación -- Expediente 185/2021 -- B15204738 FONCAFER SOCIEDAD LIMITADA, B27390079 KASTEL INGENIERIA SL, B27164920 RODRILUX ELECTRICIDAD SL -- CONTRATO MENOR OPTIMIZACIÓN E MODERNIZACIÓN NA ETAP --

DECRETO 2021-0357]	22/09/2021 14:49	003.001 Tesorería -- Expediente 5/2021 -- Auga 2021 --
DECRETO 2021-0356	22/09/2021 12:32	001.002 Contratación -- Expediente 185/2021 -- B15204738 FONCAFER SOCIEDAD LIMITADA, B27390079 KASTEL INGENIERIA SL, B27164920 RODRILUX ELECTRICIDAD SL -- CONTRATO MENOR OPTIMIZACIÓN E MODERNIZACIÓN NA ETAP --
DECRETO 2021-0354	21/09/2021 12:26	002.001 Secretario-Interventor -- Expediente 252/2021 -- Sustitución Secretario - Interventor --
DECRETO 2021-0353	21/09/2021 12:26	001.002 Contratación -- Expediente 185/2021 -- B15204738 FONCAFER SOCIEDAD LIMITADA, B27390079 KASTEL INGENIERIA SL, B27164920 RODRILUX ELECTRICIDAD SL -- CONTRATO MENOR OPTIMIZACIÓN E MODERNIZACIÓN NA ETAP --
DECRETO 2021-0355	21/09/2021 12:26	006.000 Servizos sociais -- Expediente 213/2021 -- 32714992E LIDIA PENA GOTI, 32703768E ANA BELEN GALEGO CASTRO, J70397567 BOLBORETA SC -- SOLICITUDES MODIFICACIÓN XORNADAS E SERVIZOS - EIM A ROLADA CURSO 2021-2022 --
DECRETO 2021-0352	20/09/2021 8:24	009.000 Desenvolvemento local -- Expediente 245/2021 -- Axudas para a mellora das infraestruturas turísticas 2021 --
DECRETO 2021-0351	17/09/2021 13:05	002.000 Secretaría -- Expediente JGL/2021/12 -- Múltiples interesados -- Xunta de Goberno Local, sesión 27-2021, ordinaria do 21-09-2021 --
DECRETO 2021-0350	16/09/2021 15:01	000.000 Concello -- Expediente 164/2021 -- Múltiples interesados -- Solicitudes xerais 3T 2021 --
DECRETO 2021-0349	15/09/2021 9:27	004.000 Rexistro -- Expediente 204/2021 -- Múltiples interesados -- Solicitudes de bonificación no Carné Xove --
DECRETO 2021-0348	15/09/2021 9:27	002.000 Secretaría -- Expediente 62/2021 -- 32675130L MONICA CIBREIRO CANEIRO -- Praza de técnico/a de xestión por promoción interna; bases e convocatoria --
DECRETO 2021-0347	10/09/2021 13:23	001.002 Contratación -- Expediente 81/2021 -- Nomeamento de director da execución da obra -- MELLORA DA ACCESIBILIDADE Ó PAVILLÓN MUNICIPAL --
DECRETO 2021-0346	10/09/2021 10:42	006.000 Servizos sociais -- Expediente 236/2021 -- BAIXA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR DEPENDENCIA --
DECRETO 2021-0345	09/09/2021 17:45	002.000 Secretaría -- Expediente JGL/2021/11 -- Múltiples interesados -- Xunta de Goberno Local, sesión 26-2021, ordinaria do 13-09-2021 --
